

O HOME QUE SE ESVAECÍA

O home estaba na cociña a mirar como o serán esvaecía as cores do mundo, cando de súpeto pensou no gando. O gando ha de estar sen recoller, maxinou, a nai hase incomodar. Ergueuse e foi cara a porta e abriuna un chisco. A penumbra tinxía as paredes de sombras. Foi asomando paseniño ata saír e recorreu coa mirada o corredor largo, moi largo. Barruntou á donde chegaría se camiñase por el ata o cabo. Deu uns pasos silandeiamente e as luces prenderon. Albiscou unha chea de portas e foi pasando diante delas ata chegar ao final do corredor onde se detivo na varanda da escaleira. Axexou polo oco abaixo e logo polo oco arriba. Aquilo non se entendía. Quedou quieto un intre, arroubado. Sen razón aparente os seus pes movéronse paseniño cara abaixo, chanzo a chanzo, ata que os xeonllos lle se trabaron e non foi quen de seguir. Puxo unha man na parede e permaneceu así, alasando polo esforzo. O sangue petáballe nas tempas. No enorme silencio unha porta estaba aberta e batía. Ía e viña con algunha corrente. Ollou o corredor largo, moi largo e escuro, e sentiuse desconcertado. Púxose en movemento e a luz prendeu e camiñou sen deterse ata chegar á porta que batía. Ulía a fritura. Empurrou a porta, entrou nun vestíbulo sen luz e seguiu andando mirando aos lados. Os espazos eran os mesmos, as dimensións non cambiaran, cambiaran outras cousas, mudaran as cores e os obxectos e mailos olores. Sentou nunha cadeira da cociña sen deixar de mirar arredor. Pola fiestra chegaban sons apagados de voces que non entendía. Quedou quieto, fitando as súas mans pousadas nos xeonllos. Parecía cavilar. Entón comezaron a tremellarlle as pernas. O tremor ía a máis. Matinou algo que non acertou a comprender: que o seu propio corpo e mailo espazo circundante eran un cuarto iluminado cunha única lámpada que por veces se apagaba.

A muller saíu do baño maldicindo o bater da porta, foi cara o vestíbulo e logo de pechala dirixiuse á cociña. Xa antes de prender a luz viuno sentado quieto e escuro e o susto deixouna un intre sen folgos. O home estaba a mirar cara a ela sen expresión nin aceno.

-Quen é vostede, que fai eiqui? –dixo cun fío de voz.

Ía berrarlle algo sobre chamar á policía mentres lle miraba todo, as zapatillas, as pernas de arame que tremelaban, a chaqueta de lá. Entón calou. Una face tallada nun tronco de árbore cunha machada pouco afiada, pensou a muller. Non é un ladrón, barruntou, soamente é un vello. Armouse de carraxe.

-Vai frío –dixo-, vou facer café.

Pexou a fiestra, posou na pileta a tixola na que estivera a fritir peixe e sen deixar de cavilar quitou un paquete dun caixón e preparou a cafeteira e máis unha bandexiña con bolachas. O home non falaba, perseguindo cos ollos os xestos da muller coma un devoto presenciando un ritual. A muller prendeu o gas e puxo a cafeteira ó lume e volveuse cara a el.

-Vostede ten que ser o pai da Matilde, non si? –dixo-, esa rapaza tan agarimosa que traballa no súper. Levo un rato pensando, esa cara tan...bueno, quero dicir que non hai moitos anciáns neste bloque, pensei para min, os apartamentos son pequerrechos. Así que acabei por lembrar, lles teño visto no parque, aínda que a miña filla dis que ninguén presta xa atención á ninguén, pero eu si que presto, porque gústame falar cas xentes, que somos eiqui unha chea de veciños e non nos coñecemos. Teño unha filla, sabe? Espere que lle vou amosar unha foto, é unha moza moi belinda, así como a súa, xa verá, xa.

A muller desapareceu e o home quedou escoitando o repentino silente. A voz que se fora coa muller gustáralle. Fitou a escuridade que tinguía a fiestra. Fixo por se esforzar, pero non foi quen de lembrar se o gando estaba xa ó abrigo. Se cadra non. O murmurio volveu coma un vento no soto.

-...porque está tomada hai un ano –dícia a voz antes de se materializar na cociña-, pero de seguro que a recoñece, mire mire –posou con delicadeza o marco enriba da mesa, fronte ó home-. É máis nova ca súa Matilde, pero é guapa, non sí? A carón dela está o seu neno, ten sete anos, un diaño de rapaz, chámase... –calou, buscando algo no maxín-. Arredemo! que me maten se lembro o nome. Ás veces esquezo cousas. Son os anos. Luisito! Iso é. Vostede ten netos? Eu non quero vivir con ela, ela ten que vivir a súa vida, xa ten traballo dabondo con coidar da familia e aínda por riba traballar, que a miña filla é moi traballadora, como a de vostede, ben se ve. Aos fillos hai que deixalos vivir a súa vida, non si? Viven lonxe e case que non poden vir, moito traballo, entende? porque unha xa vai vella, entón... –fretouse os ollos e suspirou-. Pero vostede está moi ben, xa o creo! É a primeira vez que o vexo só –a cafeteira comezou a burbullar- Qué ben! o café xa está listo.

A muller sentouse fronte ao home e non falou mentres bebía o café e miraba para el coma se o coñecese de sempre. Despois, cando ela lle preguntou que pensaba facer, o home puido percibir o chío dos engrenaxes na súa mente, un

chío que enxordecía os recordos e lle impedía ancorarse á pregunta. Pasou a lingua polo interior da boca toda. Na mesa había azucre e bolachas e algo cuxo nome non lembraba e así e todo non entendía por que tiña aquel sabor agre na boca. Baleirou o vaso que a muller lle enchera e logo de posalo na mesa falou sen premeditación mirando cara ó alto, coma se estivese á ler as palabras no teito de pintura plástica.

-Os recordos dos homes son incertos. O pasado que foi difire moi pouco do pasado que non foi –baixou a cabeza e ficou mirando o chan.

Entón a muller suspirou e murmurou Deus bendito, e alongou a man e posouna sobre a man do ancián e lle falou con tenrura.

-Ésta non é a casa da súa filla, está usted confundido. Pero mire, non se preocupe, que logo chamámola ao súper. Como se chama vostede?

O home entendeu a entoación, mesmo entendeu as palabras, pero non foi capaz de darlles un sentido. Como era posible algo así? Tivo entón a desasosegante impresión de que as cousas non ían como terían que ir. Podería ser que se pechaba os ollos con forza e logo volvía á mirar ao redor, todo volvería ao seu lugar, como cando xogaba na solana. Pechou os ollos con forza.

\*

Cando o home sufriu a embolia, despois de cinco días e cinco noites en coma despertou na cama do hospital e estivo longo rato mirando todo canto tiña ao alcance dos ollos. Cando viu á Matilde sentada ao seu carón, fitouna e sorriu coma un anxo. Bos días, nai, dixo con voz queda, veño de gardar o gando.

-----